

EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 2 de setembro de 2009, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para a CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO NAS ESPECIALIDADES TÉCNICAS (SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA), ASÍ COMO DA VIXILANCIA DA SAÚDE.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: É a prestación dun servizo de prevención alleo nas especialidades técnicas (seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada), así como da vixilancia da saúde.

b) Prazo de execución: A duración do contrato será de DOUS ANOS contado a partires da acta de inicio de prestación do servizo que terá lugar no prazo de quince días contados a partires da formalización do contrato administrativo.

O contrato poderá prorrogarse por periodos máximos anuais outros DOUS ANOS, sen que a duración total do contrato, incluídas as prórrogas, poida exceder de CATRO ANOS.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria

b) Procedimento: aberto

4.- Tipo de licitación

a) Orzamento máximo do Contrato: O O valor estimado para a primeira anualidade é de 49.689,65 €, polo que sumado o 16 % de IVE da parte técnica (3.3.10,34 euros) resulta un presuposto total de 53.000 euros, IVE incluído.

O valor estimado total do contrato, sen perxuízo da posible revisión

de prezos, ascende á cantidade de 198.758,60 euros, polo que sumado o 16% de IVE da parte técnica (13.241,37 euros) resulta un presuposto total de **212.000 euros**.

5.- Garantías: provisional 2.981,37 euros.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197.

c) Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Teléfonos: (982) 29-71-45, 29-73-22.

e) Telefax: (982) 29-72-59.

f) Dirección internet: www.lugo.es (Zona de servicios: perfil do contratante)

g) Data límite de obtención de documentos e información: Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) Outros requisitos: Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: A que figura na cláusula novena do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/cml

Refº: 09SERVIZO PREVENCION licitacion.doc

Asunto: anuncio licitación

condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 149,76 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 10 de setembro de 2009

O ALCALDE,

P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA

(Decreto Alcaldía nº 75/2007)

Asdo.: Sonia Mendez Garcia